



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 26 DE SETEMBRO DE 2013

LICENZAS

LAP/207/2013.- PUNTO FA, S. L.- Adecuación interior e apertura de tenda de roupa en Xeneral Pardiñas nº 22

LAP/20/2013.- MERCASH SAR SL.- Legalización da ampliación de nave almacén para venta de produtos de alimentación en Vía Edison, 255

LIC/475/2013.- RAUL JESÚS GARCIA DE LOZA.- Acondicionamento de local para uso como almacén de obxectos persoais na rúa Melide nº 29.

LIC/1714/2003.- FLORENTINO GONZALEZ MOURELLE E OUTRO.- Modificación da licenza outorgada o 31/01/2005 de construción de dúas vivendas unifamiliares na rúa do Río s/n-Meixonfrío

PARCELACIÓNS.-

LIC/841/2013.- MANUEL CALVO BARBAZÁN.- Parcelamento en Travesía Fonte do Ouro nº 19

FIANZAS.-

LIC/1295/2013.- PROYELINKA, S.L.- LIC/645/2004..... 1500 €.-

LIC/1226/2013.- GABRIEL MÉNDEZ ANDAMOLLO.- LIC/909/2008 ...1500 €.-

LIC/1290/2013.- PUENTEGASA SL.-LIC/1835/2012.... 2.000 €.-

4.- Proposta do director da área de Urbanismo e Infraestructuras relativa á aprobación do proxecto de mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre.

A XGL aprobou o proxecto de mellora da mobilidade e accesibilidade en Vista Alegre co que se complementa a actuación que se realizou nesta zonas a través dos ARIS.

5.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á autorización do uso das instalacións do CEIP Apóstolo Santiago para un curso de preparación para obter o graduado en educación secundaria de adultos.

A Fundación Radio ECCA solicitou o uso destas instalacións para impartir o Curso de preparación para a realización por libre da proba de obtención do Graduado Escolar en clases presenciais e que se realizarán os martes e xoves en horario de 19:30 a 21:30 horas.

6.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Urbano e Sostible para nomeamento de responsables no proxecto de restauración do castelo de A Rocha Forte.

Á vista do informe da arqueóloga municipal e a proposta da concelleira de Desenvolvemento Urbano e Sostible a XGL aprobou designar a Javier Fernández Muñóz, arquitecto municipal, e a Dolores Cerqueiro, arqueóloga municipal, para a redacción e execución do proxecto básico de acondicionamento do castelo e do proxecto de deseño de paneis informativos e do valado do castelo, da xestión administrativa e supervisión dos traballos de escavación e restauración do Castelo da Rocha Forte.

7.- Aprobación do proxecto de modificación orzamentaria crédito extraordinario CREXT-54 e suplemento de crédito SUPLE-55.

Realízanse estas modificacións resultando unhas contías de 1.058.794,97 euros e 1.109.385,44 euros.

8.- Indemnización substitutiva e recoñecemento de débeda por prestación de servizos de conserxería e limpeza en instalacións deportivas municipais nos meses de abril e maio e do 26 ao 31 de marzo de 2013.

Esta indemnización efectúase a favor da empresa SERMASA polos servizos de conserxería e limpeza en instalacións deportivas municipais correspondentes aos meses de marzo, abril e maio por un importe de 90.006,72 €.

9.- Indemnización substitutiva e recoñecemento de débeda por prestación de servizos de conserxería e limpeza en instalacións deportivas no mes de xuño de 2013.

Esta indemnización efectúase a favor da empresa SERMASA polos servizos de conserxería e limpeza en instalacións deportivas municipais correspondentes ao mes de xuño por un importe de 41.541,56 €.

10.- Proposta da concelleira delegada de Xuventude relativa á aprobación da realización de actividades formativas nos meses de outubro a decembro de 2013, do seu departamento.

Para atender aos intereses e motivacións da xuventude de Compostela e para impartir unha serie de coñecementos que capaciten en diferentes temáticas aos alumnos que participen nestas accións, a XGL aprobou a proposta da Concelleira de Xuventude o desenvolvemento dunha serie de actividades por un importe de 6.845,20 €. Estas actividades inclúen cursos de artesanía, xoias, fotografía, conversa en inglés, redes sociais, cociña de outono, doces de nadal, pintura paisxística...

11.- Proposta da concelleira delegada de Xuventude relativa á aprobación da realización do 1º certame de fotografía co móbil "Foto con sentimento".

Aprobouse a realización do primeiro certame de fotografía co móbil "Foto con sentimento" co obxecto de promover e premiar a actividade creativa dos mozos afeccionados á fotografía e potenciar o uso alternativo das novas tecnoloxías. Os destinatarios serán mozo e mozas de entre 16 e 30 anos que estén empadroados en Santiago ou estén a cursar os seus estudos en Centros Educativos da cidade. O custo desta acción é de 766,95 €.

12.- Proposta da concelleira delegada de Xuventude relativa á aprobación da realización da exposición de DALÍ E DAQUÍ.

Co obxecto de visibilizar o traballo de tres creadoras compostelás estudantes de belas artes, a XGL aprobou a realización da exposición Dalí e Daquí, nas que se recollen as creacións de Ángela Brea, Isabel Pazos e María Neira. Nesta exposición poderase ver pinturas realizadas con distintas técnicas nas que se reflicta o universo creativo de cada unha das artistas. O custo desta acción é de 320,65 €.

13.- Proposta da concelleira delegada de Xuventude relativa á aprobación da realización do 1º certame de creación IMAXINART 2013.

A XGL aprobou a proposta da Concelleira de Xuventude o primeiro certame IMAXINART 2013 co obxecto de que os participantes creen o logotipo do Departamento de Xuventude así como a imaxe dos principais programas do Departamento. Os destinatarios serán mozo e mozas de entre 16 e 30 anos que estén empadroados en Santiago ou estén a cursar os seus estudos en Centros Educativos da cidade. O custo da acción é de 941,95 €.

14.- Desestimación recurso e levantamento suspensión da adxudicación do Servizo de limpeza, conserxería e control das instalacións dos centros públicos de educación infantil e primaria (CEIP) dependentes do Concello de Santiago de Compostela.

A XGL aprobou desestimar este recurso segundo a proposta da concelleira de Educación á vista do informe do servizo de contratación no que se di que se cumpriu co trámite de comunicación da adxudicación, non se aprecian erros na valoración técnica da puntuación para a adxudicación polo que procede desestimar o recurso presentado.

15.- Proposta do concelleiro delegado de Transportes relativa á modificación da rede básica de transporte urbano no polígono de Costa Vella.

Á vista do informe do xerente da Empresa Municipal de Transporte TUSSA e a proposta do concelleiro de Mobilidade a XGL aprobou a modificación do percorrido das liñas de transporte urbano C5 e C6 para mellorar a fluidez das liñas coa supresión de dúas paradas, unha ao lado de Amio e outra na tenda de Deportes Decathlon. Con isto poderase dar servizo a un novo punto de atracción de viaxeiros no polígono Costa Vella situado entre a A-54 cara o aeroporto de Lavacolla.

16.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación da memoria da actividade denominada "Día da Bicicleta".

A proposta do concelleiro de Deportes aprobouse a actividade do Día da bicicleta co que se pretende dar unha homenaxe a este vehículo tan popular e entrañable para pequenos e maiores co obxecto de sacar a bicicleta á rúa e dar un paseo pola cidade nunha xornada de convivencia e lecer. Esta actividade será organizada polo Clube Ciclista Compostelano e o seu custe ascende a 3.000 €.

17.- Encomenda a INCOLSA para a xestión da explotación e posta en funcionamento da cafetería Eugenio Granell.

Á vista do informe do Director da Área de Urbanismo e a proposta da concelleira de Desenvolvemento Urbano e Sostible a XGL aprobou unha encomenda de Xestión para que a empresa municipal INCOLSA xestione a explotación e posta en marcha da Cafetería do Parque Eugenio Granell.

18.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concesión de exencións na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre bens inmobles.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

40.- Dar conta da concesión dunha subvención ao Concello pola Dirección xeral de Emprego e Formación para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego.

Deuse conta á XGL da concesión dunha subvención por parte da Dirección Xeral de Emprego por un importe de 20.000 € para actividades de información, orientación e busca de emprego.

URXENCIAS

1.- Apróbase a baixa dunha persoa como perceptora de axudas sociais (MAPIS), por ser esta persoa perceptora da RISGA.

2.- Apróbase o convenio de colaboración entre o Concello e a Fundación Refuxio de Animais, polo que esta recibirá unha subvención de 143.350 € para 2013.

3.- Apróbase o convenio de colaboración entre o Concello e a Asociación Cultural Francisco Asorey para 2013, pola que esta entidade recibirá unha subvención de 2.000 €.

4.- Apróbase convenio de colaboración entre o Concello e a Asociación do Traxe Galego para 2013, polo que esta entidade recibirá unha subvención de 3.835 euros.

5.- Apróbase o convenio de colaboración entre o Concello e a Fundación Rosalía de Castro para 2013, polo que esta entidade recibirá unha subvención de 3.835 €.

6.- Apróbase o convenio de colaboración entre o Concello e a Asociación do Conservatorio de Música Tradicional e Folque para 2013, polo que esta entidade recibirá unha subvención de 8.000 €.

7.- Apróbase o convenio de colaboración entre o Concello e a Fundación Gonzalo Torento Ballester para 2013, polo que esa entidade recibirá unha subvención de 21.000 €.

8.- Apróbanse as nases da selección de beneficiarios das accións formativas do programa de cualificación profesional da iniciativa urbana Santiago Norte, co obxecto de que a poboación activa da zona de actuación teña unha maneira de certificar a súa formación adquirida a través da experiencia profesional, e aportando formación en competencia básicas, transversais e específicas. Estas actividades prevén a obtención de acreditacións como a Tarxeta Europea de Habilidades Informáticas, Tarxeta Laboral da Construción ou Certificado de Operador de Carretillas.

9.- Rexéitase á solicitude da concesionaria do transporte colectivo urbano TRALUSA de substitución de cinco vehículos adscritos ao transporte urbano por outros cinco de menor antigüidade, xa que os informes técnicos deixan claro que, de acordo ao recollido nas condicións de prestación do servizo, non hai causa para ter que realizar dita substitución, que incrementaría a liquidación anual a percibir pola empresa concesionaria.

10.- Apróbase o convenio marco de colaboración entre o Concello e a SA de Xestión do Plan Xacobeo para a posta en valor do Camiño de Santiago. Ten unha duración dun ano prorogable. Unha comisión paritaria reunirse polo menos dúas veces ao ano e será a encargada de estudo e proposta dos proxectos e actividades a desenvolver.

11.- Apróbase o proxecto, gasto e apertura do expediente de contratación das obras a executar na zona denominada Sector 21-San Xoán de Afora (Romaño), correspondentes ao programa municipal de obras en zona urbana e suburbana 2013, por un importe de 79.793,29 €.

12.- Apróbase o proxecto, gasto e apertura do expediente de contratación das obras a executar na zona denominada Sector 27-Viso, correspondentes ao programa municipal de obras en zona urbana e suburbana 2013, por un importe de 76.238,87 €.

13.- Apróbase o proxecto, gasto e apertura do expediente de contratación das obras a executar na zona denominada Sector 30+40-Vite+San Xoán, correspondentes ao programa municipal de obras en zona urbana e suburbana 2013, por un importe de 96.823,63 €.

14.- Adxudícanse á empresa IGLESIAS MERA CONSTRUCCIONES, S.L. as obras incluídas no proxecto de corredor verde Bonaval-Almáciga (Fase I: Plataforma Xiro Bus), cofinanciado pola Unión Europea, por un importe de 31.821,79 €.

15.- Apróbase unha prórroga do servizo de mantemento e conservación dos campos de fútbol de San Lázaro, San Lázaro II e zonas verdes anexas do campo de santa Isabel e San Lázaro.

16.- Desestímense as alegacións formuladas pola mercantil CYS HISPANIA, S.L no expediente das obras incluídas no proxecto básico e de execución de rehabilitación da casa de Brandía para centro sociocultural en Vidán (Fase II).

17.- Apróbanse os festivos locais para 2014, que serán os días 29 de maio, festividade da Ascensión, e o 24 de xuño, San Xoán.

18.- Apróbase o proxecto de rede de parques biosaludables no medio rural. Estes parques instalaranse nas 21 parroquias do rural, cun custo de 49.974,84 €. Cada un dos parques contará con estes elementos: Adductor, abductor, para fortalecer a coordinación e mobilidade do tren inferior; Arm Rotation, mellora a coordinador e mobilidade; Total Hip, aparato tonificante da musculatura abdominal.

19.- Apróbase o nomeamento dos membros da Comisión de expertos para a provisión da praza-posto do director da Banda Municipal de Música, que serán:

- Presidenta: Silvia Modia, subdirectora do Auditorio de Galicia.

- Vocais: Maximino Zumalave, director asociado da Real Filharmonía de Galicia; Henrie Adams, director principal da Orquesta Sinfónica de Castellón; Xesús Manuel Amado, técnico de programación cultural do Concello de Santiago; Oriol Roch, director técnico da Real Filharmonia de Galicia.

- Secretario: Iñaki Bilbao, técnico de RR.HH do Concello de Santiago.

20.- Apróbase un reaxuste na anualidade do servizo de limpeza dos centros educativos.

21.- Adxudícase o servizo de comedor e madrugadores, cun prezo de 3,31 euros por menú, se ben para as familias terá un custo de 2,96 euros. Fíxase o prezo cunha asignación de 950 comensais.